


58
LOS VERSOS DE CORDELIA

Razón del Desencanto
Razón do Desencanto



Primera edición en LOS VERSOS DE CORDELIA, junio de 2021

Edita: Reino de Cordelia

www.reinodercordelia.es



  @reinodercordelia  facebook.com/reinodercordelia

Derechos exclusivos de esta edición en lengua española

© Reino de Cordelia, S.L.

C/Agustín de Betancourt, 25 - 5º pta. 24

28003 Madrid

 El papel utilizado para la impresión de este libro, fabricado a partir de madera procedente de bosques
 y plantaciones sostenibles, es cien por cien libre de cloro y está calificado como papel reciclable

© Xavier Seoane, 2021

Cubierta: *Último aviso* © Begoña Bah, 2021

IBIC: DCF

ISBN: 978-84-18141-46-1

Depósito legal: M-17627-2021

Diseño y maquetación: Jesús Egado

Corrección de pruebas: María Robledano

Imprime: Técnica Digital Press

Impreso en la Unión Europea

Printed in E. U.

Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública
o transformación de esta obra solo puede ser realizada con la autorización
de sus titulares, salvo excepción prevista por la ley. Diríjase a CEDRO
(Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org)
si necesita fotocopiar o escanear algún fragmento de esta obra
(www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 47).


Razón del Desencanto

Razón do Desencanto


Xavier Seoane

Traducción al castellano de Xavier Seoane







Índice



I	LIMAR	15
	LIMINAR	15
	Recordos	16
	Recuerdos	17
	Da beleza	20
	De la belleza	21
II	CRÓNICA	27
	CRÓNICA	27
	Da mocidade	28
	De la juventud	29
	Crónica	34
	Crónica	35
	Praza de Vigo	40
	Plaza de Vigo	41
	Da infancia	48
	De la infancia	49
	Confesionarios	52
	Confesionarios	53





Dun tempo sen retorno	54
De un tiempo sin retorno	55
O faroleiro	58
El farolero	59
Da infancia, II	62
De la infancia, II	63
A copa da vida	66
La copa de la vida	67
Reconto	72
Recuento	73
Luz impasible	76
Luz impasible	77
Fronteiras	80
Fronteras	81
Manifestación nocturna	86
Manifestación nocturna	87
III DO TEMPO E OS SEUS NAUFRAIOS	91
DEL TIEMPO Y SUS NAUFRAGIOS	91
Luz que declina	92
Luz que declina	93
<i>Sic transit gloria mundi</i>	96
<i>Sic transit gloria mundi</i>	97
Dos tempos mozos	102
De tempos jóvenes	103




Do destino	106
Del destino	107
Carnoedo	110
Carnoedo	111
Cemiterio de Oleiros	116
Cementerio de Oleiros	117
Na morte da miña nai	120
En la muerte de mi madre	121
O ramo de camelias	124
El ramo de las camelias	125
Do recordo imposible	128
Del recuerdo imposible	129
IV A CIDADE DAS AUGAS	133
LA CIUDAD DE LAS AGUAS	133
A cidade do mar	134
La ciudad del mar	135
Balada fronte ao mar	138
Balada frente al mar	139
Stevensoniana	142
Stevensoniana	143
Proas	144
Proas	145
Cidade eleita	148
Ciudad elegida	149



Encantamento	150
Encantamiento	151
Ceos de púrpura	152
Cielos de púrpura	153
Na tumba de sir John Moore	154
En la tumba de sir John Moore	155
Poñentes	156
Ponientes	157
Café ao mar	160
Café al mar	161
Ocaso	162
Ocaso	163
Gaivotas	166
Gaviotas	167
Tarde de porto en domingo	168
Tarde de puerto en domingo	169
Porto	172
Puerto	173
Temporal na noite	176
Temporal en la noche	177



V DO AZUL	181
DEL AZUL	181
Do azul	182
Del azul	183
Da beleza e da cegueira	184
De la belleza y de la ceguera	185
Instante	186
Instante	187
Dun sosegado asombro	190
De un sosegado asombro	191
Dun estraño acubillo	192
De un extraño cobijo	193
Tránsito	194
Tránsito	195
Camelia no xerro	196
Camelia en el jarrón	197
Amei a vida como quen se enfrenta	198
Amé la vida como quien se enfrenta	199
Pardal	202
Gorrion	203
VI PRECES	205
PLEGARIAS	205
Pregaria	206
Plegaria	207



Cantón Pequeno	210
Cantón Pequeño	211
Rogo	214
Ruego	215
Rapaciña	218
<i>Rapaciña</i>	219
VII DA ARTE	223
DEL ARTE	223
Eloxio de Morandi	224
Elogio de Morandi	225
Decrépita beleza	228
Decrépita beleza	229
VIII BLUES DA DERROTA	233
BLUES DE LA DERROTA	233
Blues da derrota	234
Blues de la derrota	235
Da nova Troia	242
De una nueva Troya	243
Provenza atlántica	250
Provenza atlántica	251
IX EPÍLOGO	259
EPÍLOGO	259
Dun certo epitafio	260
De un cierto epitafio	261



I
Limiar
Liminar



Recordos

NA TÚA lembranza
un mastín leonés alegre, nobre,
vén correndo á túa beira
e rózache coa cola.

O magnolio é inmenso e, na alta copa,
sorprendido
da raxada de choiva,
podas as longas pólas
que caen sobre a herba cun son xordo.

Fai frío, a túa filla repousa no xergón
e ti avivas o lume cunhas achas
que tronzaches no alpendre co machado novo.

Recuerdos

EN TU recuerdo
un mastín leonés alegre, noble,
viene corriendo
y te roza con la cola.

El magnolio es inmenso y, en la copa,
sorprendido
por la ráfaga de lluvia
podas las largas ramas
que caen sobre la hierba con un sonido sordo.

Hace frío, tu hija se adormece en la cuna
y tú avivas el fuego con unas astillas
que tronzaste con el hacha en el barracón.

Está caendo a noite e chegas canso,
vestido de soldado,
despois de atravesar España en auto-stop,
e saen dúas rapazas a recibirte á porta
crendo que acaso es unha aparición.

Unha tarde. Decembro.
O teu pai, avanzado
o cancro,
extravía na sombra unha ollada melancólica,
sabendo que para el non hai futuro,
e teme qué será de vós.

É unha mañá de abril.
A túa filla, ás carreiras,
ve os tulipáns na sebe, detense con asombro
e xira cara ti cun sorriso no rostro.

E entón entendes todo:
A beleza do mundo.
A piedade da vida.
A crueldade
inocente da morte.

Está cayendo la noche y llegas, exhausto,
vestido de soldado,
después de atravesar España en autostop,
y salen dos muchachas a recibirte a la puerta
creyendo que eres una aparición.

Una tarde. Diciembre.
Tu padre, avanzado
el cáncer,
extravía en la sombra una mirada melancólica,
sabiendo que para él ya no hay futuro,
y teme qué será de vosotros.

Una mañana. Abril.
Tu hija, corriendo,
ve los tulipanes en el seto, se detiene con asombro
y se vuelve hacia ti con una sonrisa en el rostro.

Y entonces lo entiendes todo:
La belleza del mundo.
La piedad de la vida.
La crueldad
inocente de la muerte.

Da beleza

NECESITAMOS moito
da beleza.

Edras que abrazan o tronco,
temporais que desaugan
a mar aberto,
praias acariciadas
polo nordés.

Precisamos da roupa a clarear.
E as xeracións das rosas non deben esquecernos
cando os merlos inundan de frescor
os máis radiantes ceos
da primavera.

De la belleza

NECESITAMOS
la belleza.

Hiedras que abrazan el tronco,
borrascas que desaguan
a mar abierto,
playas acariciadas
por el viento.

Precisamos de ropa a clarear.
Y las generaciones de las rosas no deben olvidarnos
cuando los mirlos inundan de frescor
los más radiantes cielos
de primavera.

Necesitamos da xustiza, da verdade.
Pero tamén
necesitamos da beleza.

Beleza hai cando a porta
se abre a un inesperado viaxeiro.
Beleza cando regas as macetas
que a túa nai encheu, cando vivía,
de azaleas rosadas e surfinias violetas.

Necesitamos da piedade.
Necesitamos do recoñecemento.
Pero a beleza ha de ter un lugar
nos nosos
humildes feitos.

Eses toxos en flor, esas mimosas
que coroan os campos de ouro vello.
Ese arao que se perde
no firmamento.

Necesitamos la justicia, la verdad.
Pero también
necesitamos la belleza.

Belleza hay cuando la puerta
se abre a un inesperado viajero.
Belleza cuando riegas las macetas
que tu madre plantó, cuando vivía,
con azaleas rosas y surfinias violetas.

Necesitamos la piedad.
Necesitamos el reconocimiento.
Pero la belleza ha de tener un lugar
en nuestros
humildes hechos.

Esos tojos en flor, esas mimosas
que coronan los campos de oro viejo.
Esa alca que se pierde
en el firmamento.

Necesitamos,
necesitamos tanto da beleza
que non nos damos conta que sen ela
a verdade do mundo
ficaría maltreita.

Necesitamos,
necesitamos tanto la belleza
que no nos damos cuenta que sin ella
la verdad del mundo
quedaría maltrecha.

II
Crónica
Crónica



Da mocidade

F_{OI} NO TEMPO feliz da mocidade.

A vida tiña o peso dun aruxo no aire.

Pasaban as rapazas coas saias recortadas
e os libros baixo o brazo.

Comezabamos
a pensar, a soñar
coa ilusión de quen abre a xanela a un día claro.

As decepcións
mantiñan un perfil de sufrimento
soportable.

De la juventud

FUE EN EL TIEMPO de la juventud.

La vida tenía el peso de una brizna en el aire.

Pasaban las muchachas con las faldas recortadas
y los libros bajo el brazo.

Comenzábamos
a pensar, a soñar
con la ilusión de quien abre la ventana a un día claro.

Las decepciones
tenían un perfil de sufrimiento
soportable.

Sabíase

que había moito tempo por diante
e os días
traerían motivos de alegría
e de esperanza.

Non se sabía da melancolía
que arrastran os anos.

Descoñecíase
o alcance da morte,
as poutadas
do egoísmo, do mal.

A panda era un refuxio seguro e entrañable.
Os pais, malia a violenta
quebra xeracional,
protexían,
respaldaban.

O ditador e a súa caterva de secuaces
non ían ser eternos, e algún día

Se sabía
 que había mucho tiempo por delante
y los días
traerían motivos de alegría
y de esperanza.

No se sabía de la melancolía
que arrastran los años.

Se desconocía
el alcance de la muerte,
los zarpazos
del egoísmo, del mal.

La panda era un refugio seguro y entrañable.
Los padres, a pesar de la violenta
ruptura generacional,
protegían,
respaldaban.

El dictador y su caterva de secuaces
no iban a ser eternos, y algún día

un vento de repulsa e liberdade
varrería as súas máscaras.

Nunca é grato lembrar tempos pasados.
O peso da alegría perdida abafa a gorxa
cunha melancolía difícil de arrancar.

E aínda que non todo
era motivo de felicidade,
o espírito era mozo
e a árbore da vida refervía no sangue.

Non se probara aínda o sabor da derrota,
o tempo non deixara a súa resaca
nin cravara a tristeza as súas garras.

Eramos os heraldos da utopía,
os príncipes electos da esperanza.

Qué pouco sabíamos
das feridas do tempo e da morte dos ideais.

un viento de repulsa y libertad
barrería sus máscaras.

No es grato recordar tiempos pasados.
El peso de la alegría perdida ahoga la garganta
con una melancolía difícil de arrancar.

Y aunque no todo
era motivo de felicidad,
el espíritu era joven
y el árbol de la vida hervía en la sangre.

No se había probado el sabor de la derrota,
el tiempo no había dejado su resaca
ni la tristeza clavado sus garras.

Éramos los heraldos de la utopía,
los príncipes electos de la esperanza.

Qué poco sabíamos
de las heridas del tiempo y de la muerte de los ideales.

Crónica

OS TANGOS de Gardel eran un canon
na xordeira reumática
daqueles anos.

Nunca a derrota,
nunca a melancolía
foran tan grandes.

Un exército sen piedade
irrompera esmagando todo canto
de luz e liberdade encontrara ao seu paso.

Nos despachos, nos púlpitos, nas cátedras
ardía o fogo cego do exterminio,

Crónica

LOS TANGOS de Gardel eran un canon
en la sordera reumática
de aquellos años.

Nunca la derrota,
nunca la melancolía
habían sido tan grandes.

Un ejército sin piedad
había destruido todo cuanto
de luz y libertad encontrara a su paso.

En los despachos, en los púlpitos, en las cátedras
ardía el fuego ciego del exterminio,

a arte de extirpar
o que o credo oficial non bendicise
e a autoridade non ditase.

A vida nas provincias
era aínda máis dura, máis amarga.

A radio era o imperio das consignas.
A delación, o medo, campaban ás súas anchas.

Eran moi poucos os que se atrevían,
en recantos escuros ou sombríos faiados,
a lembrar o pasado e tramar a esperanza.

Meditas moitas veces
na sorte que tiveches en nacer
algo máis tarde.

Pois malia a que o ronsel daquela sordidez
se estendeu ao tempo da túa mocidade,
xa comezaba a despuntar un alba.

el arte de extirpar
lo que el credo oficial no bendijese
y la autoridad no dictase.

La vida en las provincias
era aún más dura, más amarga.

La radio era el imperio de las consignas.
La delación, el miedo, campaban a sus anchas.

Eran muy pocos los que se atrevían,
en sótanos oscuros o sombríos desvanes,
a evocar el pasado y tramar la esperanza.

Meditas muchas veces
en la suerte que tuviste en nacer
algo más tarde.

Pues aunque las secuelas de aquella sordidez
se extendieron al tiempo de tu juventud,
ya comenzaba a despuntar un alba.

Agradece aos teus deuses, ao destino, ao azar,
ter nacido despois
daquela onda primeira de ira e xenocidio
e aquel proceder frío e sistemático
que encheu cos mellores as gábeas e os cárceres
e exiliou longos anos aos que nunca,
nunca se resignaron.

Agradece a tus dioses, al destino, al azar,
haber nacido después
de aquella ola primera de ira y genocidio
y aquel proceder frío y sistemático
que llenó con los mejores las cunetas y las cárceles
y exilió largos años a los que nunca,
nunca se resignaron.

Praza de Vigo

O RISO era fácil
no tempo da mocidade.
E as rapazas querían ser amadas.

Por un lado eran máis fráxiles ca nós,
por outro parecían
as nosas nais.

A súa arte de agardar o tempo
era máis sabia.
E da vida sabían moito máis.

Recolliámolas no portal da casa.
E á fin da xornada alí as acompañabamos.

Plaza de Vigo

LA RISA era fácil
en el tiempo de la juventud.
Y las muchachas querían ser amadas.

Por un lado eran más frágiles que nosotros,
por otro parecían nuestras madres.

Su arte de aguardar el tiempo
era más sabio.
Y de la vida sabían mucho más.

Las recogíamos en el portal de casa.
Y al final de la jornada allí las acompañábamos.

A cidade era un punto provinciana e amable.
Foran rotos, na guerra,
os seus soños de vida e liberdade.

Agora parecía
que o único posible
era ir tirando en termos económicos
para saír da escura
mediocridade.

Nos barrios
a loita pola vida era notable.
Polas tardes
academias de mestres
represaliados
formaban estudantes
no arduo adestramento para as duras,
sucesivas reválidas.

As pelexas cos *coreanos*
eran tan só unha anécdota
dentro dos rigorosos parámetros de clase.

La ciudad era un punto provinciana y amable.
Habían sido rotos, en la guerra,
sus anhelos de vida y libertad.

Ahora parecía
que lo único posible
era ir tirando en términos económicos
para salir de la oscura
mediocridad.

En los barrios
la lucha por la vida era notable.
Por las tardes
academias de maestros
represaliados
formaban estudiantes
en el arduo adiestramiento para las duras,
sucesivas reválidas.

Las peleas con los *coreanos*
eran solo una anécdota
dentro de los rigurosos parámetros de clase.

A vida era moi gris.
Os estamentos
sociais estaban
ferreamente marcados.

E cada alba
o sol se erguía do outro lado do mar
cunha monotonía celeste e improrrogable.

O porto era un trasfego de homes e de barcos.
As peixeiras deixaban a lonxa portuaria
e as leiteiras bulían ao reparto.

Os trolebuses eran
paquidermos cansados
dunha guerra pasada.

Se a vida era posible
e había motivos de esperanza
non era polos logros dos homes de despacho

La vida era muy gris.
Los estamentos
sociales estaban
férreamente marcados.

Y cada alba
el sol se erguía al otro lado del mar
con una monotonía celeste e improrrogable.

El puerto era un trasiego de hombres y de barcos.
Las pescadoras dejaban la lonja portuaria
y las lecheras corrían al reparto.

Los trolebuses eran
paquidermos cansados
de una guerra pasada.

Si la vida era posible
y había motivos de esperanza
no era por los logros de las autoridades de despacho

senón porque as familias, diariamente,
cumprían as demandas dun temario severo e inexorable
como o ricto de sapo dun censor ou dun párroco.

sino porque las familias, diariamente,
cumplían las demandas de un temario severo e inexorable
como el rictus de sapo de un censor o de un párroco.